Ambos sabiamos que a chuvia toldaría as súas augas, que o volvería escandaloso e ousado ata lograr que abandonase o seu cauce para debuxar novos mapas polos prados e carreiros; que se enfrontaría aos valados e acabaría confundindo os paos que arrastrase con algún barco á deriva.

Sabiamos que o frío lle xearía a pel, converténdoa en fronteira de si mesmo.

Que o sol do verán xogarí a pintar arcos da vella na transparencia da súa auga, e ás veces, gustáballe tanto a súa obra, que a absorbía

polos raios ata deixar ao meu pobre amigo convertido nun fraco fío de prata.

Había poucos imprevistos.

Se acaso, algún veciño que estercaba as terras facía que tapasen o nariz as ras mais mexeriqueiras.

Pero agora...

A chuvia carrega contaminación e morte, faino enfermar.

Gustaríalle perforar a terra, coarse por ela, desaparecer.


Non quere causar mal a ninguén: nin ás plantas que rega nin aos animais que acolle, nin sequera ás outras augas que o reciben.

Quen provoca tanta desfeita non sabe que o mal é para todos, polo tanto tamén para si mesmo?

El desexaría frear a corrente, non levar mais alá o veneno, non seguir prexudicando.

Non sabe que facer e pídeme axuda. Eu, lembro con saudade cando transformaba a súa auga en aromas e dozura e choro sobre el froitas agres, tan engurradas e podres que nin os vermes as queren e síntome incapaz de axudarlle, de axudarme. Enferma e contaminada, só son unha árbore froiteira...

Nita Rivas Fernández





MARIA CASARES. A SOIDADE DO NOVO COMEZO

A Fuxida de París:

Cando María Casares e Albert Camus se atopan a primeira volta xa facía cinco anos que os nacionais ocuparan Madrid (28 de marzo de 1939) e que París declarara a guerra a Alemaña (3 de setembro de 1939). Estes feitos pechaban as posibilidades de liberdade para boa parte de Europa. Toda a poboación se mudaba oficialmente en sediciosa e o pacifismo era entón sinónimo de deserción.

París parecía, aínda a finais do 39, un refuxio seguro fronte aos riscos de continuar nas áreas da Alemaña nazi, da España franquista, da Italia fascista etc. Ademais, París ofrecía liberdade sexual e liberdade creativa, e permitía aos creadores inspiración e recoñecemento, como mostraba o caso Picasso. Para moitos dos máis afamados personaxes europeos da cultura, París seguía sendo un centro de encontro e de creación irrepitible polas súas características.

París era o lugar idóneo para conocer o que se levaba e o que se representaba, era un importante mercado da arte e os seus teatros e cines estaban á última. Por iso, atopábase nas súas rúas, entre outros, o pintor abstracto Vassily Kandinsky; o compositor Arnold Schönberg; os escritores Joseph Roth, Hannah Arendt e Walter Benjamin; Pau Casals, e para o que nos



concerne, a xove María Casares, candidata a entrar no conservatorio de actores. Fora enviada alí no outono do 36 por seu pai dende Madrid, para que “non interrompese o seu currículo escolar”. Mais o 14 de xuño de 1940 a Wehrmacht iba a entrar en París sin atopar resistencia.

María Casares chegara alí, con a ilusión de unha adolescente de catorce anos de que, mentras toda Europa asistía a extinción das liberdades artísticas e intelectuais, París, sen dúbida, ía continuar refulxindo coma un faro na noite da cultura, como dicían no contorno familiar. Alén diso para Gloria Pérez de Casares supoñía unha liberación do acoso que propios e estraños practicaban sobre o seu importante marido.

María Casares recordará máis tarde que, cando chegou a París, todo era donxoanismo e aventura, e que sentiu o exilio moito máis tarde, decatándose de que, cando un está exiliado unha vez, estao para sempre.

Nas 130 páxinas do libro primeiro (*Sous la tutelle de Pluton*) das súas memorias, *Résidente privilégiée* (Rp), María Casares conta a súa infancia feliz na Coruña e en Madrid, moi próxima a xentes que eran doutra clase, e como a súa escapada a París era un mal menor para evitar a barbarie que deixaba.

Ora, os xogos terminaron os 18 anos, logo que o 22 de xuño de 1940 o Xeneral Pétin firma o armisticio, e entre as esixencias alemáns aceptadas por Vichy, estaba a obriga de Francia de entregar a calquera súbdito do Reich que fose solicitado por Berlín (art. 19 de Armisticio).

O estatus dos Casares nese momento non podía equipararse a súbditos do Reich, como era o caso de Hannah Arendt, que constiue un exemplo paradigmático do que estaba pasando na Francia, berce das liberdades, mais eran exiliados dun goberno amigo e en todo momento podían ser pasaxeiros dos trens da morte. Como veremos a fuxida de Hannah Arendt é paralela á de María Casares, aínda que noutra dirección.

Os “étrangers non désirables” sabían que tiñan que esconderse en pensións de mala morte ou fuxir de Francia, mais eran poucas as países dispostos a aceptalos e escasos os visados concedidos por Vichy.

Ante o avance imparabile das forzas do Terceiro Reich, a familia Casares foxe o 13 de xuño de 1940 no derradeiro tren que sae da estación de Austerlitz pouco antes da entrada dos alemáns en París. En *Résidente Privilegiée* (Rp), María Casares recordou a viaxe de trinta e nove horas, a chegada a Burdeos, o sinistro e vetusto hotel no que se acomodaron, o bombardeo aéreo da cidade, as xetións infructuosas para conseguiren visados que lles permitisen saír para América.

O pai Santiago Casares embarcou con Negrín no buque grego Elanis rumbo á Gran Bretaña, mentres María e a súa nai, Gloria Pérez, quedaron un mes entre Burdeos e Lacanau-sur-Mer, antes se decidiren finalmente á tornar para se esconderen en París, onde María decontado retoma a súa formación lingüística, académica e artística (Conservatorio de Actores, cursos privados de René Simón, clases de madame Bauer-Thérond). No 148 da rue Vaugiraud, María vivirá máis trinta anos.

No deixa de ser un presaxio de posteriores encontros que Camus tamén fuxiu en tren neses días a Burdeos, e na Aquitania morou antes de que escampase en París e poidese perderse no anonimato da gran cidade.

Daquela María Casares e Albert Camus non se tiñan encontrado, pois a súa relación, como se sabe, nace no teatro. A principios do 1939 María Casares presentouse ao exame de entrada no Conservatorio. Porén, non consegue entrar ate o ano 1941, despois de traballar arreo na casa da mestra Colonna na rúa Lauriston na que pasaba repetindo todo o tempo que podía despois das clases do instituto con moita ansia (156). Para poder interpretar o *Jeu de l'Amour et du Hasard* e a *L'Phigénie de Racine* tiña que corrixir a súa maneira de presentarse en público e o seu francés: os profesores do Conservatorio achacábanlle que tiña demasiado acento foráneo, que estaba moi nervosa, que era moi nova, demasiado bárbara, demasiado estranxeira.

O teatro nacional francés, *la Comédie Française*, representaba co seu modelo interpretativo estilizado os clásicos, como Corneille, Racine, Molière, marcando unha altura difícil de atinxir para unha principiante. Tamén existían creadores máis populares, como Sacha Guitry e Marcel Pagnol, que facían nos anos trenta comedias populares do que se chamou “*théâtre de boulevard*”.

Jacques Copeau, na época en que María Casares aparece na escena, como director, reacciona contra este tipo de teatro, dándolle un enfoque máis teórico e poñendo o acento na supremacía do texto, o que abriu a chegada das pezas de Camus e Sartre.

María Casares conseguiu o bacharelato no curso 1939-1940. Con moita emoción e equilibrio de xuízo establece as diferenzas da escola deixada en Madrid (Instituto- Escuela), cando era a filla do Premier, e a escola atopada en París (lycée Victor-Duruy) onde ela era filla de ninguén. “*Nous avions perdu l'Espagne. J'étais devenue, comme mes parents, une réfugiée en France. Et il était décidé que je me consacrerai au théâtre*” (Rp).

A declaración oficial no 39 das grandes hostilidades supuxo a minoración das distancias coas súas experiencias que traía de Madrid, revelándoselle que o inimigo era o mesmo nos diversos contestos e que este feito faina máis próxima e máis receptiva de todos os do seu contorno actual.

“*C'est à travers sa langue que j'ai commencé à*

apprendre la France; c'est dans l'état de guerre que ce que je rejette ou que j'aime m'est parvenu dans son intégrité" (Rp).

En outubro de 1942, coa traumática experiencia do exilio, Gloria Pérez Corrales conseguiu firmar o primeiro contrato da súa filla, que so tiña 19 anos e non era, pois, legalmente maior de idade. Asinouno co Théâtre de Mathurins, debutando María no rol protagonista da obra *Deirdre of the sorrows* do irlandés John Millington Synge.



Cando Santiago Casares voltou de Londres a París, en xullo de 1945, a súa María, *“la fille de tes péchés”*, xa era unha actriz consagrada pola crítica e polo público, amais dunha profesional respetada no medio artístico (*Federigo* de René Laporte).


Nun daqueles veráns, despois, Gloria, Santiago e María aparecen xuntos nas landas marítimas de Camaret, na súa “Galicia de sustitución” (O Finisterre bretón), e María recorda o seu pai recitando poemas de Curros e de Valle-Inclán fronte o océano.

A actriz participa nesas datas nas frecuentes galas en apoio dos exiliados republicanos. Cando tiña 23 anos, o 10 de xaneiro de 1946, finou a súa nai Gloria Pérez Corrales, vítima dun cancro galopante. Con ocasión deste evento, atopamos a Albert Camus consolando a orfa, mais os representantes gubernamentais da República estaban ausentes.

Nas súas memorias *“Résidente privilégié”* (Fayard 1980), confesa que a razón vital que a compeleu a dedicarse ao teatro foi *“la construction sans cesse recommencée d'un foyer, d'une famille, des racines*

réinventées, d'amitiés et d'amours renouvelées et tenues à la force du poignet” (Rp 109).

Vexamos agora, de por outra parte, qué era de Hannah Arendt cando tiña 34 anos. Nacera no 1906 nunha familia xudía orixinaria de Königsberg, na Prusia oriental, e estaba refuxiada en París xa dende 1933, fuxindo do Berlín totalitario e deixada sen o abeiro do seu Heidegger. Foi acusada de ser parte da organización sionista que preparaba o congreso de Praga, estivo presa oito días no Cuartel Xeral da Policía de Berlín. Exiliouse en París, ocupándose do traslado de adolescentes xudeos na Palestina. Entrou en relación con Raymond Aron, Bertolt Brech e Walter Benjamin, deu conferencias sobre o antisemitismo alemán, casou con Heinrich Blücher, militante comunista, e participou na defensa de Herschel Grynszpan, xoven xudeo polaco, que foi utilizado polos alemáns para xustificar a Noite dos Cristais, despois do asasinato dun conselleiro da Embaixada Alemá en París. O 5 de mayo de 1940, o gobernador militar de París fai internar os estranxeiros procedentes de Alemania e que aínda estaban



libres. Mentras que a Heinrich Benjamin e Walter Benjamin métenos no campo de Vernet (Ariège), ela foi levada o *Velodrome d'Hiver* e logo enviada o abarrotado campo de concentración feminino de Gurs (Pyrénées Atlantiques), con destino previsible aos campos do leste. Estes e outros campos que foron creados en setiembre do 39, polo goberno democrático de Daladier, para ocuparse dos miles de refuxiados que chegaran a Francia fuxindo da vitoria de Franco sirvíronlles

os alemáns, un ano despois, para a súa política de arrestos de xudeus, comunistas e masóns.

Inesperadamente, o 25 de xuño, o mesmo día que entrou en vigor o armisticio, crearon os americanos un Comité de Rescate de Emerxencia que tiña como misión a de salvar escritores e artistas preeminentes e trasladalos a EEUU, preferentemente a través do porto de Lisboa, Porto de Esperanza 1940-1941, como aparece no filme-documentario *Hafen der Hoffnung*, de Chista Heinrich, realizado por Pavel Schnabel.

Para xestionar tal evacuación, chega o 14 de agosto de 1940 a Marsella, despois de cruzar Portugal e España, Varian Fry, periodista literario de trinta e dous anos licenciado por Harvard, cos nomes dunhas duascenas figuras culturais e tres mil dólares atados ás pernas.

Marsella sempre foi un cruce de camiños e culturas: porta de África en Europa e de fuxida cando se pode, conflitiva, caótica e tranquila ao mesmo tempo. É a cidade máis antiga de Francia polo seu orixen do Mediterráneo oriental e polas influencias romanas, toscanas e musulmanas *et pied-noir*. Foi fundada polos focenses do golfo de Esmirna 600 anos antes de Cristo e vive ancorada ao Vieux-Port e neste vrao do 1940 aparece máis aberta e con menos riscos que París.

Fry instalouse no Hotel Splendide, no barrio antigo, e empezou a enviarlles cartas aos refuxiados dos que dispoñía dunha dirección precisa. Isto provocou a chegada ao seu carón dunha morea de refuxiados, o que preocupou a Xendarmería Francesa e máis aínda o Consul Xeral Americano, Hugh S. Fullerton, que non aprobaba as súas actividades, logo que EEUU reconece o goberno de Vichy e aínda non estaba en guerra con Alemaña. Os Casares, nai e filla, estaban máis protexidos polo anonimato de París.

Para poder xestionar a crecente demanda dos seus servicios, en outubro de 1940 Fry mudouse a un piso máis grande, no número 60 da rue de Grignan, e formalizou unha sociedade baixo o nome de *Centre Américain de Secours*.

Fry conseguiu a colaboración para a súa causa do xoven vicecónsul norteamericano Hiram Bingham IV, que lle proporcionaba visados e documentos de viaxe ás escondidas até que o seu xefe o mudou da sección de visados na primavera de 1941.

Fry foi expulsado de Francia en setembro de 1941, máis a súa laboura foi continuada por outros entre os que destacan Lena Fishman,

xudia polaca que foi a súa secretaria, e Daniel Bénédicte, protestante francés de esquerdas.

Entre os xudeus alemáns que Fry logrou por a salvo a través de España atopábanse o Premio Nobel de Medicina Otto Meyerhof, o psiquiatra Bruno Strauss e os escritores Lion Feuchtwanger, Hannah Arendt e Konrad Heiden, biógrafo de Hitler. Os músicos xudeus máis famosos que escaparon a través da organización de Fry foron Wanda Landowska, clavicembalista, e Heinz Jolles, pianista. Moitas destas persoas foron acompañadas a Lisboa persoalmente por Fry, malia que algúns non tiveron a mesma sorte. O 26 de setembro de 1940 Walter Benjamin suicídase nun hotel de Porbou.

María Casares pensaba no teatro en Francia e que de momento o seu futuro estaba ligado o da seu pai, refuxiado en Londres con Negrín, promovendo aínda o restablecemento da democracia no seu país, e doutra beira María Casares revóltese contra os que queren identificala como xudea reafirmando a su identidade “celta” (Rp 165-166), o que non impide que retornada a París, axudase a algúns dos refuxiados xudeus que se interesaban polas rutas, sobre todo, galegas, na liña das irmáns Touza de Rivadavia, que quizais non conhecía, ou do neumólogo Eduardo Martínez Alonso, para achegárense a Lisboa, por terra ou por mar.

Eduardo Martínez Alonso traballou de médico no *“Hospital de Cuatro Caminos”* da Cruz Vermella durante a guerra, no tempo en que María Casares entrou a servir no *Oftálmico*, até que o seu pai decidiu que fose a París para non interromper os seus estudos. Eduardo Martínez Alonso pronto se converteu no médico oficial da embaixada británica en Madrid, que, co apoio de Churchill, na xefatura do goberno de Londres desde o 10 de maio do 1940, se converteu nun centro de coordinación en defensa dos refuxiados da guerra. Eduardo Martínez Alonso elaborou, co agregado naval Alan Hillgarth e cos axentes do MI6, unha rede de de evasión que permitía atravesar os diferentes sectores pirenaicos, canalizando os fuxidos que viñan da Marsella de Fry por diversas pasaxes e, cabeiramente, propiciando que moitos deles utilizasen para o seu paso a Portugal o pazo do que era propietario, situado en Redondela, coñecido como A Portela, perto do barrio de pescadores e do porto.

Hannah Arendt, que deixamos en Gurs, aproveitando o caos que segue a implantación do armisticio, fuxe para Montauban onde atopa o seu marido Heinrich Bücher e os seus amigos Cohn-Bendit. Lee a Proust e empeza a formar oa proxecto dun libro sobre o imperialismo e

o antisemitismo que aparecerá publicado en Nova York en 1951 co título “*As Oríxenes do Totalitarismo*”.

Hannah e Heinrich, co apoio de Günter Stern, o primeiro marido dela xa que xa chegara a Nova York, reciben os visados de Fry na rúa Grignan de Marsella, que lles permite partir para Lisboa. Non está documentada a ruta empregada para chegar de Marsella a Lisboa, pero parece probable seguiran o traxecto Barcelona-Madrid, mais o que se sabe é que deberon quedar tres meses agardando polos billetes do barco que os levaría a Nova York.

María Casares e os seus pais coñecía sin duda esta saída para fuxir do continente e incluso puido pensar que o encontro inesperado que tuvo nas Landes aquitanas cos tres xudeus (Nina, Miko e Max) posibilitáralle unha saída como a de Hannah Arendt, mais atravesar a ruta rumbo a Lisboa non era doado para os Casares, daquela era mais perigoso ser republicano que ser xudeo

Hannah Arendt voveu a París, a principios dos 50, onde visitou a parella Cohn-Bendit que a acolleron no verán de 1940 en Montauban, despois da fuxida de Gurs. Vai o Théâtre Hébertot para ver *Les Justes* de Camus, peza interpretada por María Casares. De tal actuación Hannah Arendt confirma que Camus é sen lugar a dúbida o mellor home de Francia do momento. Os demais intelectuais son como moito a penas soportábeis. Escorréntana o sectarismo e a cegueira ideolóxica de Jean Paul Sartre e de Alexandre Kojève.

Hannah Arendt gusta que María Casares consiga un compromiso dramático e tensionado na obra entre as nocións camusianas do absurdo e da revolta, que adelanta o dibuxo do terrorismo como banalidade do mal, pensamento desenvolto pola pensadora xudea.

O novo comezo:

María Casares atópase con Albert Camus por primeira vez na lectura do *Desir attrapé par la queue* de Picasso, que se celebrou na casa do matrimonio Leiris o 19 de marzo de 1944. No salón dos Leiris estaba o mellor da revolta do París ocupado: Albert Camus que dirixía a obra, Simone de Beauvoir e Jean-Paul Sartre, Pablo Picasso e Dora Maar, Jacques Lacan, Cécile Éluard, Jean Louis Barrault, Georges e Sylvia Bataille, Georges Braque, Henri Michaux,

Claude Simón e María Casares, entre outros. Moitos deles estaban afiliados ao Partido Comunista francés ou seguidores heterodoxos do Surrealismo; ora María Casares e Albert Camus profesaban xa un certo anarquismo nietzschiano nas súas reflexións sobre o absurdo.

Cando Camus entra na vida de María Casares aquel xa levaba casado con Francine Faure (oranesa) mais de catro anos, porén nesa época Francine estaba en Arxel ensinando matemáticas e Albert inmovilizado no exágono, pois o 11 de novembro de 1942 os alemáns invaden a zona sur (le midi) e prohiben os pasaxes con o norte de África. Entón Camus que xa entrara da man de Pascal Pia na redacción de *Paris-Soir*, é nomeado en 1943 pola mesma persoa redactor xefe do xornal clandestino *Combat*, órgano dun importante movemento de resistencia que durará até xuño 1947. O seu nome de combate era *Beauchard*.



Neste ano 1943, dous anos despois de que Hannah Arendt poidese embarcarse para Nova York, Camus atopou a parella Sartre-Beauvoir no café Flore e, no inicio, Sartre e Beauvoir recoñécense como compañeiros de loita. A súa boa colaboración duraría até 1948 cando as posicións e os compromisos políticos diverxen. A última obra de Sartre que María Casares interpreta é *Le Diable et le Bon Dieu*, baixo a dirección de Louis Jouvet no teatro Antoine en 1951, ano no que Albert Camus publica *L'Homme Révolté*, no que acusa a esquerda de ser máis reaccionaria, cos seus dogmas dictatoriais, que a mesma dereita a que combate. O contorno de Camus-Casares necesita as revoltas de maio-xuño de 1968 para reivindicar a obra e as teses

camusianas, que tanto foron apreciadas por Hannah Arendt.

Hannah Arendt xamais gostou de Sartre que identifica entón o comunismo e a URSS co compromiso político do individuo con a Historia. A política para Camus e Casares non é individual, é colectiva, é un *inter-esse*, como di Hannah Arendt que enxerga en Sartre un motón de mentiras terriblemente enmarañadas. Nunca poderá explicar Sartre que non levantou nin o dedo maimiño pola resistencia: quedouse en París agachado e preparando o seu protagonismo en Saint-Germain-de-Pres para despois da guerra, fundando con Simone de Beauvoir a revista “*Les Temps Modernes*”, na que integrou, no seu comité de redacción, a intelectuais da Liberación, como Maurice Merleau-Ponty e Raymon Aron. Sartre era *normalien*, graduado na elitista *École Normale Supérieure*, onde foi recibido primeiro ex-aequo con Simone de Beauvoir na cátedra de filosofía; ora ben, Camus non tiña tal título, como lle reprochaban os correlexionarios da familia de Saint-Germain-de-Prés ou do Café Flore, mais ambos necesitaban para as súas obras o *empuxe tráxico de María Casares*.

Sartre deuse a coñecer polo denso ensaio *L'Être et le Néant* no que prende de Heidegger a existencia auténtica, asociada á conciencia da morte, mais introducindo a problemática da liberdade xa nas súas primeiras obras de teatro: *Les Mouches* (1943), *Huis clos* (1944), *La Putain respectueuse* (1946), *Les Mains sales* (1948), *Le Diable et le Bon Dieu* (1951).

Huis clos é a peza mais importante e, nela, Sartre pon en escena tres mortos condenados eternamente a estaren xuntos e falaren entre eles. O primeiro é un revolucionario traidor ao que fusilaron. O segundo é unha dona soa que matou o seu fillo. A terceira personaxe é unha lesbiana que se suicidou con gas. Cada un deles examina e critica a vida dos outros dous. O inferno é a obriga de veren a súa vida xulgada polos outros sen poderen cambiala despois da morte. Sartre amosa que é na existencia onde emprendemos rutas e empregamos a nosa liberdade que nos comprometen sen podermos liberarnos da nosa responsabilidade. O inferno son os outros.

Para Vladimir Sankélévitch é unha pena que Sartre se teña ocupado máis dos progresos da súa carreira que de denunciar ou contrariar o ocupante, como fixo Camus, que se trasladou a París a finais de 1943 para unirse a Resistencia e dirixir clandestinamente “*Le Combat*”, xornal de revolta como o seu nome indica; e que presentou

tamén a súa primeira obra durante a ocupación ben que a primeira obra que escribiu, *Calígula*, foi estenada mais tarde, no 1945. Para Sartre a ocupación foi máis doce.

Como Camus conseguiu unha certa fama grazas a súa primeira peza narrativa, *L'étranger*, o éxito deste relato evidenciouno como nun “filósofo serio”, e non como un simpático pícaro arxelino, como o grupo dos “*Temps modernes*” o tiña catalogado. No libro de memorias (*La force de l'âge*), Simone de Beauvoir di que, con ocasión do estreno da peza “*Les Mouches*” de Sartre en 1943, “un home xoven e moreno presentouse: Albert Camus, e Sartre, que viña de publicar unha crítica eloxiosa de *L'étranger*, considerou que Camus era boa xente”.

O recen chegado de Camus permitíase xa meterse con Simone de Beauvoir polos traxes que portaba, criticar o existencialismo de Merleau-Ponty e competir con Sartre polos amoríos de Wanda e por posicións filosóficas. A filosofía do absurdo de Camus opoñíase á filosofía da continxencia de Sartre. Camus en contra de Sartre, poñía o absurdo ao principio mais esperaba non telo ao final. Camus repite de cotío que o teatro é a forma superior de literatura; entre outras cousas, porque o teatro é mais pasional e permítelle estar rodeado de mulleres. Para María Casares o polo teatro ousou centrarse, sen esquencer outras pasións carnis por outros, no amor a este home fiel á xustiza e á verdade.

María Casares di que naceu cando tiña 22 anos: “*Mon nom est Maria Casarès. Je suis née en novembre 1942 au théâtre Mathurins. J'y ai été élevée sous la tutelle de Marcel Herrand et Jean Marchant...*”, “*Ma patrie est le théâtre...*” (Rp 344) Foi nese teatro onde entrou en contacto por segunda vez con Camus, con ocasión da estrea en xuño 1944 da primeira peza de Camus que despertou un certo interés no público próximo a resistencia: *Le Malentendu*. Lembramos que o seu primeiro encontro foi no salón do apartamento dos Leiris con ocasión da lectura da obra de Picasso “*Le Desir attrapé par la queue*” o 19 de marzo de 1944.

Na peza *Le Malentendu*, Camus explica como Xan volve á súa casa coa súa nova esposa despois de pasar moitos anos fóra. Súa nai e a súa irmá, Martha, dirixen un hostel onde drogan, rouban e matan os clientes. Por desgraza non recoñecen a Xan até que o teñen matado. A nai morre e Martha afógase. María Casares interpretou o rol de Martha, e esta converteuse nunha ocasión para que se iniciase unha curta aventura entre a interprete e o autor e que dese prova do seu

compromiso político arriscando a súa pel. En efecto as actrices non eran simples floreros, como proba a traxedia de Olga Kechelievich, interprete de Inès na obra de Sartre, dirixida por Camus, que foi arrestada en plena obra por a Xestapo.

Le Malentendu que foi considerada pesimista e crítica con a situación da época e da condición humana. Mais Camus non a cualificou de teatro da resistencia, senón que a enmarcou no seu *cycle de l'absurde*.

Nunha entrevista que concedeu o xornal madrileño *El País*, pouco antes da súa morte no 1966, María Casares dixo: *“Tudo é efímero. É por iso que gosto do teatro mais que do cine. Aquel é hic et nunc, e nel tudo acaba. Non se trata de un xogo mais de un durante. O teatro é a mellor representación da vida”*.

A experiencia cinematográfica de María Casares, *l'étrangère*, nos anos cincuenta foi, enmporiso, moi grande combinando os rodaxes cinematográficos con a temporada teatral e as colaboracións radiofónicas, intentando superar as dificultades codiáns prácticas e económicas derivadas da enfermidade de seu pai e da súa condición de refuxiada:

- *Les enfants du paradis de Carné* (1943-1945): María Casares interpreta o papel de Nathalie, que suspira por Baptiste Deburau, interpretado por Jean-Louis Barrault (1943). Reivindicación do mundo francés en contraste con o mundo da ocupación.

- *Les dames du Bois de Boulogne* de Robert Bresson (1945): María Casares xoga o rol de Hélène

- *La Chartreuse de Parma* (1948): María Casares é a duquesa Gina de San Severina que fai o imposible por salvar o seu sobriño Fabricio del Dongo.

- *Orphée* de Jean Cocteau (1950): María Casares fai de Princesa con Jean Marais, François Perier, Juliette Gréco.

- *Le testament d'Orphée* de Jean Cocteau (1960): María Casares a Princesa anti Eurícide.

O seu pai, Santiago Casares Quiroga, morreu no seu piso de París o 17 de febreiro de 1950. A súa perda foi moi pesarosa e grazas que Camus estaba a canto. *“L'irruption de Camus avait chassé de ma vie toute menace de vide ou de dispersion et l'avait resserrée en noyau compact et dur. Mais il n'arrivait pas seul et il me restait à découvrir, au-delà*

del'exaltation de la passion, le labour patient de la création dont l'oeuvre serait la vie même”.

María Casares tiña 28 anos e coñecía os problemas de saúde de Francine Faure e os cuidados que o seu marido estaba obrigado a prodigarlle, máis os feitos eran irreductibles, a situación irrevocable e as circunstancias irreversibles, polo que estaba diante *“á une sorte de fatalité que je mettais toute ma fierté a assumer, je débarquais sur des terrains inconnus où il me fallait réapprendre à avancer sur le fil tendu d'un amour dénudé de tout orgueil”* (Rp 326).

O 17 de febreiro de 1950 telefonouno a Cabris (Midi de la France) para dicirlle que si oía que a representación da su peza, *Les Justes*, que estaba en cartel no teatro Hébertot, fora interrompida durante tres días, non debía estrañarse xa que morreu Santiago.



Albert Camus contestoulle de maneira feitiçeira e tamén moi galega, *“une manière de s'entendre répondre oui sans avoir posé aucune question claire”*, con este lendario escrito: *“Ma tristesse vient de lui, que j'aimais et admirais à travers toi, mais je me dis aussi que ce long calvaire n'était pas la vie pour lui. C'était un torturant effort pou vivre malgré tout, et ce n'est pas la même chose. Si triste, si affreuse qu'ait été sa vie, la patrie asservie, l'exil, la souffrance physique, je sais qu'elle n'a pas été vaine. Les deux ou trois fois où je l'ai vue j'ai compris qu'il était supérieur à ce qu'il avait souffert.*

Et j'ai compris aussi que tu étais sa vraie joie, sa fierté pépétuelle. Je ne le plains pas tout à fait si je pleure avec toi, j'admire qu'il ait pu rester aussi lucide et fidèle au milieu de tant de désastres. Rien ne remplace celui qui vient de te quitter. Mais quelqu'un qui te

ressemble, qui te rend justice, qui peut toujours t'aider est là, malgré la distance” (Rp 327).

Este pésame e a proximidade da súa amiga Feli, compañeira de Juan Negrín, con quen seu pai compartira o exilio en Inglaterra, foron os únicos achegos que ela reconece neses momentos e que lle procuraron non vomitar por enriba de tantas condolencias falsas que recibía.

E xa en novembro do 37, as autoridades que controlaban A Coruña decretaron:

“El nombre de Santiago Casares Quiroga” será borrado de todos los Registros.- Siendo indigno de figurar en el Registro oficial de nacimientos que se lleva en el Juzgado municipal instituido “para seres humanos” y no para alimañas, el nombre de Santiago Casares Quiroga, someto a su consideración la procedencia de que se cursen las órdenes oportunas para que el folio “oprobioso” del Registro municipal de esta ciudad en que se halla inscrito su nacimiento, se haga desaparecer, y en este sentido espero me comunicará V.E. la prestación de este obligado homenaje a la España “una, grande y libre de Franco”. En el acta del Colegio de Abogados y en cuantos libros figure el “nombre repugnante de Casares Quiroga, deberá procederse, asimismo, a borrarlo en forma que las generaciones futuras no encuentren más vestigio suyo que su “ficha antropométrica de foragido”.- Dios guarde a V.E. muchos años.-

- La Coruña, 26 de noviembre de 1937. Segundo año triunfal.-

-El Gobernador civil, José María de Arellano.

Non é responsabilidade de María Casares que ela tampouco non retornase á Coruña. Esta era a súa traxedia persoal como o despeito de Antígona.

(continuará ...)

Francisco Ramil Acebo. Licenciado en Derecho, exerció como abogado en la ciudad de Pontevedra. Doctor en Teología por la Universidad Gregoriana de Roma y, miembro de la Junta Directiva del “Aula Castelao de Filosofía”, entre otras.

Francisco Ramil Acebo



A LAGOA DE ANTELA, XINZO DE LIMIA

A SORPRESA

Despois dalgúns anos poñendo escola por diferentes lugares de Galicia, chega a nova tan esperada: xa teño un destino oficial, serio, dentro do sistema educativo nacional.

Era o curso 1975 –76 e o meu futuro profesional comezaría en Xinzo de Limia, na aula de *Educación Especial* (era a primeira vez que escoitaba esta expresión).

XINZO. Empezan as preguntas: onde se atopa exactamente, distancias, poboación, centros educativos, comunicacións... A información sobre a primeira pregunta aparece nun mapa e observo, con curiosidade, que se sitúa ao pé dunha gran lagoa, a de Antela. O resto dos datos quedan para outra historia.

Un domingo pola tarde o coche de liña de Autos González lévame dende Ourense ata Xinzo de Limia e, despois

de máis de unha hora de viaxe, ábrese ente min unha ampla chaira pero non está a gran LAGOA DE ANTELA que eu imaxinaba que vería ao chegar ao meu destino.

Xa non existía, fora desecada 20 anos atrás aínda que os mapas non reflectían este feito. E no lugar que ocupara durante máis de 60 millóns de anos, agora podían verse leiras, granxas, extracción de area e outras instalacións industriais.



OS COÑECEMENTOS

Sen cuestionarme polos avatares que ocorreran por aquelas terras, nin as repercusións ecolóxicas (outro vocábulo que non se debatía neses momentos) pola desaparición da lagoa, dediqueime a aprender o meu oficio de mestre, a facer e desfrutar novas amizades e a integrarme no pobo. Había que vivir o Entroido e outros acontecementos sociais e, sobre todo, percorrer cada día o “Barrio de Abaixo”, ocupado por multitude de tabernas que facían o papel de centros de negocios, clubs sociais, cenáculos culturais e coñecementos varios.

Co paso do tempo a Lagoa de Antela pasou a ser, para min, aquela paisaxe que vixiaban dúas torres de intrigante situación e de difícil explicación do seu cometido ou misión, como non fose a vixía e defensa da lagoa en épocas medievais.


A Torre de Pena, situada na aldea do mesmo nome, espertaba o meu interese pola presenza do Bruxo de Pena, curandeiro de moita sona e personaxe de poucas palabras. Nunca me contou nada interesante aínda que moito o intentei.


A poucos quilómetros da anterior, sitúase a Torre de Sandiás, pretiño desta aldea. Coma no caso da de Pena, o meu interese non estaba na construción nin no seu posible papel estratéxico

ou bélico, eu prefería desfrutar do Novaíño e, sobre todo, das historias que relataba aquela velliña enloitada, sempre sentada no poio situado diante da súa casa. Era Carmen a Atracadora, Carmen de Dios, viúva e nai de fuxidos e asasinados na posguerra civil, e nai do coñecido fuxido e preso Camilo de Dios. Carmen si falaba e contaba historias (a súa historia) das tráxicas vivencias que marcaran a súa vida.

Como é de rigor, estas dúas torres estaban adornadas por lendas que falaban do seu enlace subterráneo, e non faltaban as obrigadas referencias a fadas, mouras e mouros, encantamentos e abundancia de tesouros.

A medida que me ía comunicando con veciños e pais de alumnos sorprendíame o “acento castelán” de moitos deles. A explicación deste fenómeno lingüístico tamén tiña relación coa lagoa. Para os traballos de construción das canles e obras de desecamento, viñeran para a Limia moitos obreiros, man de obra necesaria, transformadores dun territorio asolagado en cultivable. Procedían da limítrofe provincia de Zamora, tamén salmantinos e estremeños. Moitos deles asentáronse na zona exercendo de labregos e outros oficios, formando familias mixtas. E todos eles recibiron o mesmo xentilicio, *os zamoranos*, sen distinción de orixe.





O APROVEITAMENTO

As novas terras da lagoa desaugada presentaban unha perfecta distribución froito da concentración parcelaria, sucadas por amplas pistas que as percorrían horizontal e transversalmente.

Por elas corrían aventuras cos meus novos amigos, algunhas furtivas, como a caza de coellos e lebres.

O método de caza consistía en conducir un coche, nas noites escuras, cos faros alumando o camiño mentres o cazador furtivo disparaba desde a ventaniña lateral sobre unhas vítimas que se detían asombradas ante aquel feixe de luz.

E as ras? Eran un manxar ancestral moi relacionado coa Lagoa de Antela, hábitat idóneo que explicaba a abundancia deste anfíbio. Aínda que desecada a lagoa, non desaparecera a pesca de ras para abastecer o mercado limiá.

A arte que empregaban era moi curiosa e primitiva. Dun pau ou dunha cana penduraba un cordel fino ou tanza e, na punta deste poñíase o cebo, unha pel embrollada ata o tamaño dunha *bolicha*; a pel procedía dunha ra cazada e esfolada previamente. De non haber pel de ra, usábase un trapo vermello envolto do mesmo xeito. A vítima metía o cebo na súa boca e só había que tirar dela moi amodiño.

Na actualidade, o uso abusivo de herbicidas e insecticidas acabou con este manxar tan apreciado na comarca e a súa pesca está en veda permanente.

AS LENDAS

Segundo ía coñecendo ós limiaos e á historia da Lagoa de Antela ían xurdindo as lendas relacionadas coa mesma, con encantamentos e cidades asolagadas, e co río Limia que fora o Lethes da mitoloxía romana e antes o Lete da grega.

Autores e investigadores como Murguía, Vicente Risco e, máis concretamente, Xesús Taboada Chivite no libro *Las Leyendas de la Laguna de Antela*, entre outros estudiosos da mesma, reflectiron nos seus escritos algunhas destas lendas.

A lenda máis representada e con repercusión na vila dos habitantes da Limia é a que dá lugar á celebración, desde hai uns vinte anos, á Festa do Esquecemento. Rememora a chegada das lexións romanas, comandadas por Decimo Xuño Bruto, ás terras que acabará denominando Gallaecia.

No seu avance polo sur de Galicia e Norte de Portugal tópanse co río Limia, coñecido como o río do esquecemento por mor de que apagaba os recordos da memoria de todo aquel que o atravesara.

Para non deter o avance da conquista, Xuño Bruto cruza a corrente do río e dende a súa marxe dereita vai chamando polo seu nome a cada un dos lexionarios, rompendo así o encantamento do Limia – Lethes.

Así mesmo, sitúase na Antela a cidade de Antioquía, que foi asolagada como castigo divino, ben por adorar os galos ou por non tratar como é debido ao seu fillo Xesús ... Aínda

se escoitan cantar os galos na Noiteboa e o son das campás da igrexa somerxida.

A aparición da abundancia de mosquitos, tan característica das zonas pantanosas, sería o exército do Rei Arturo que, rei e soldados, sufriran un encantamento na lagoa.

Tamén Dona Inés de Castro, natural da Limia e raíña póstuma de Portugal, pasea pola zona nas noites de néboa.

CONCLUSIÓNS

Aquel ecosistema que formaba a Lagoa de Antela, rico en flora e fauna, en historia, lendas e tradicións, en paisaxe..., xa non existía cando eu atravesaba, no coche de liña de Autos González, aquela ampla chaira camiño do meu futuro.

O que fun coñecendo xa foron enormes leiras parceladas que producían toneladas de cereais que se convertían en penso para abastecer de alimento ás granxas de vacas leiteiras, ás de galiñas de carne ou poñedoras de ovos; e extensas parcelas que producían millóns de quilos de patacas, da pataca da Limia denominación de orixe.

E vía as construcións dedicadas a almacéns e outras industrias derivadas que, polo que me contaban, substituíran ao estraperlo a través da raia seca fronteiriza con Portugal.

Abraiaba cando visitaba aqueles almacéns de animais, que eran ocupados por centos de vacas ou milleiros de galiñas. Granxas, moitas delas, rexentadas por compañeiros de profesión. Pronto souben a razón.

Os grandes impulsores destas explotacións eran Eulogio Franqueira e Vilas, mestres durante anos e que contactaran con algúns amigos, compañeiros de profesión, para que dirixiran as granxas que ían establecendo, espalladas pola antiga lagoa.

E no ámbito das miñas relacións non suscitaba controversias o axeitado daquelas explotacións. Os meus amigos máis achegados disfrutaban do auxe económico que se producira en Xinzo. Félix era construtor, Sito dedicábase á carpintería de aluminio, Gilberto o carniceiro, Sindo albanel, Rafa era banqueiro... e tamén Manolo “o *guarnicioneiro*”, artesán do coiro que facía albardas para bestas e burros. Todo é memoria.

E nesa memoria, que é a que enche de contido este relato, non aparece o concepto de ecocrítica que nomea a materia que se desenvolve nesta aula¹. Nin, por suposto, pretende ser literatura.

Só son vivencias, é memoria.

¹ Refírese á materia Ecocrítica e literatura galega, impartida no nivel intensivo do PUM do campus de Pontevedra.

INSTITUCIONES DE ALBEYTERIA,

Y EXAMEN
DE LOS MEDICAMENTOS DE CALLA;

OFICIO PERDIDO, PALABRA ESQUECIDA: ALBEITE

En agosto de 2023, coma todos os anos, Amancio e eu visitamos a exposición anual, que fai a Asociación Socio-cultural Cedofeita con temáticas moi variadas, interesantes, moi ben documentadas e sempre relacionadas coa parroquia de Lérez.

Este último ano a exposición non foi no Mosteiro de S. Benito, coma viña sendo habitualmente, senón que tivérona que instalar no local social que Cedofeita ten en Lérez.

O título: *“Exposición: Xente de oficio. Traballos e ocupacións tradicionais”*.

Todos os paneis trataban de oficios desaparecidos ou xa moi minoritarios. Había fotos de lavadeiras, costureiras, rosquilleiras, capadores... todas con textos explicativos sobre o traballo do que se trataba, ferramentas ou materiais necesarios...

Da maior parte destes oficios e traballos as persoas da miña xeración temos coñecemento e memoria porque eran moi comúns hai anos, pero no meu caso foi un total descubrimento o oficio de “albeite” do que nin a palabra me resultaba familiar. Leín todo o texto e souben alí mesmo que foi un oficio *“de moito prestixio ao longo da historia”* e que *“en 1500, os Reis Católicos estableceron un exame para poder exercer a profesión, cuxo auxe chegou ata finais do S.XVIII”*.

Máis tarde souben que a palabra albeite é un arabismo e que o oficio de albeite na Península Ibérica foi moi importante e valorado durante a Idade Media, dicíndose *“albéitar”* en castelán, palabra tamén bastante esquecida nesta lingua.

Por curiosidade preguntei a moitas persoas coñecidas se sabían o significado da palabra dando como pista que era un oficio moi necesario no rural, mais so unha de todas esas persoas tiña coñecemento de tal vocábulo e do traballo que esa xente realizaba.

Pero, a que se dedicaban os albeites??

Tal e como estaba escrito na explicación de Cedofeita, *“albeite era a persoa que, sen titulación académica, se dedicaba a curar doenzas animais”*.

No dicionario da RAG aparece a palabra *“albeite”* co significado na súa primeira acepción de *“persoa que cura as enfermidades do gando sen ter o título de veterinario”*.

“Albeitaría”, conxunto de coñecementos e saberes que utiliza o albeite.

Ata ben entrado o S.XX en Galicia actuaron os albeites coma *“veterinarios sen título que exercían como tal sandando animais por medio da sabedoría natural”*. Seica na parroquia de Lérez traballaron dous albeites ata hai poucos anos.

LIBRO DE ALBEYTERIA

EN EL QVAL SE TRATA DEL
CABALLO, Y MVLO. FIVMENTO, Y DE SVS
miembros, y caídas, y de todas sus enfermedades, con las causas,
y febles, y remedios de cada vna dellas, y muchos secretos, y espe-
riencia para el remedio de cada vna de las dichas enfermedades, y
las caídas, y pronochos de muchas yemas, tocantes,
y puchochos para el uso de Al-
beyteria.

Y VLTIMAMENTE SE PONEN MVCHAS, Y SVTILES
Que Bozes, y Preguntas con sus respectivas respuestas para los
que se quieren dar a la Teoría, y un nuevo Arte de
herpe en Octava

YA REPARTIDO EN QVATRO LIBROS,
COMESTO POR HERNANDO CRIVU, VEZINO, Y NATURAL

AL SEÑOR D. FRANCISCO XIV DE VEGARA ALAVA, CAVALLEJO
del Obispo de Santiago, del Consejo de su Magestad, y de la Real Audiencia,
y de la Real Academia de las Bellas Letras de España.



CON LICENCIA
De Madrid, Por Andrés Cordero de la Imprenta, Año M.DC.LXXII. 48



“Albeite”, en castelán *“albéitar”*, como palabra e oficio foi substituída por *“veterinario”* desde o ano 1792 cando se creou en Madrid a primeira Facultade de Veterinaria con estudos regrados sobre todo o relativo á atención, coidados, enfermidades e tratamentos sandadores dos animais, fundamentalmente dos cabalos de uso militar.

En setembro, lendo o libro Caín do escritor José Saramago, sorprendínome ao ver que nalgúns capítulos aparece utilizada a dita palabra con total normalidade (*por suposto en castelán, albéitar, xa que o texto non estaba en galego*). Na época na que transcorre a historia, tempos bíblicos, o oficio de albeite sería moi normal e necesario.

Páx. 121 *“...Salvouno desta indefinición identitaria un albeite do exército de Josué que quedara prendado do jumento de Caín...”*

Páx. 122 *“...home, Jericó é só o principio, o que se aproxima é unha longa guerra de conquistas na que os albeites non seremos menos necesarios ca os soldados.”* *“O albeite fixolle saber a quen correspondía que atopara un axudante a cambio da comida e foi así como Caín viuse integrado nos servizos de apoio aos exércitos de Josué, curando as mataduras dos burros baixo a esixente orientación do xefe...”*

Páx.129 *“O albeite tivo medo de que a furia de Caín o fixese pasar de repente da ameaza ao feito...”* *“A onde me levas, preguntou o albeite inqueda”*

Páx. 149 Caín busca traballo na casa de Job, e o delegado do intendente lle pregunta: *“Ti que sabes facer? El resposta “Entendo un pouco de burros: fun axudante de albeite no exército de Josué”*.



Non teño claro se a palabra albeite segue viva e en uso na lingua portuguesa. O dicionario portugués di ao respecto: alveitar; substantivo masculino

1. *aquele que ferra cavalgadas.*
2. *individuo que trata das doenzas dos animais de maneira empírica, sem os necessários conhecimentos de veterinária.*

André Filipe Oliveira da Silva nun escrito titulado *“Alveitares e alveitaría no Portugal Medieval”* di que *“o estudo da alveitaría medieval en Portugal tem sido feito sobretudo através dos manuscritos em galego-portugués relacionados com essa arte, que sobreviveram até hoje...”*

Hai na rede un libro moi interesante de Fulgencio Fernández Buendía titulado *“La albeitería en tiempos de Alfonso X el sabio y su entorno en la Murcia andalusí”* que da moitísima información sobre o tema e remite a documentos da época.

Alfonso X fala da albeitaría no seu libro *“Código de las siete partidas”*, onde queda oficializada a palabra proveniente do árabe como vocábulo castelán.



En “*journals openedition.org*” Mihai Enachescu escribe sobre “O reemplazo de arabismos por latinismos, en concreto do caso da palabra “albeite” e conta que unha vez perdido o poder político e cultural árabe na Península Ibérica, moitos arabismos caeron en desuso e foron cambiados por latinismos ou outros vocábulos considerados máis cultos, o que foi acontecendo entre os séculos XIII e XVI. Perdéronse moitos nomes de oficios que proviñan do árabe, como por exemplo, alfajeme que mudou en barbeiro ou alfayate que mudou en xastre, pero a palabra albeite mantívose moito máis no tempo xa que o latinismo veterinario non se incorporou con normalidade nas nosas linguas ata o S.XIX.

No Código das sete partidas, o Rei escribiu desde o punto de vista lexislativo, ditou ordes sobre a medicina equina, recoñeceu o oficio de albeite, as súas obrigas e castigos en caso de mala práctica etc.

Na súa publicación, Fulgencio Fernández presenta referencias a varios documentos da Baixa Idade Media nos que se acredita a existencia de albeites en España.

A albeitaría foi unha nova ciencia no S.XII única no mundo e so practicada con ese nome en España e Portugal. Os profesionais desa ciencia combinaban os oficios de ferrador e albeite.

José Manuel Gutiérrez García, do Centro da Història de la Ciència. Unitat dá Història de la Medicina. Facultat de Medicina, Universitat

Autònoma de Barcelona, ten publicado un traballo no ano 2012 titulado: “*Ciencia y exclusión: el desplazamiento de los albéitares de la veterinaria a través de la prensa especializada en el cuidado animal (1835-1855)*”. É un traballo amplo e completo onde fala da problemática aparecida en España no S.XIX en canto á convivencia das dúas profesións para un mesmo traballo: curar as enfermidades dos animais.

Os albeites desde o S.XVI eran os únicos traballadores autorizados legalmente para exercer os coidados das enfermidades animais, a partir da metade do S.XIX, apareceu unha titulación universitaria teórica que formaba especialistas no coidado animal. Esta titulación universitaria superior, formaba graduados na Escola de Veterinaria de Madrid limitados ao campo militar e outra de rango algo inferior en dúas ou tres universidades de outras provincias de España.

